

POLA SAÚDE MENTAL DA NOSA MOCIDADE

A saúde mental na educación debe ser un tema relevante non só polo xeito de entender a escola e o noso labor como docentes, senón por encontrármonos nun momento histórico no cal as persoas nos atopamos con maior vulnerabilidade, esixindo especial atención aos procesos emocionais (ansiedade, estrés, soidade...) que dirixen as nosas vidas. A pandemia da COVID-19 cos efectos do distanciamento social, contención emocional e a fonda inmersión na vida dixital cun abuso ou mal emprego dos medios tecnolóxicos e das redes sociais, contribúen ao deterioro da saúde mental da nosa sociedade visibilizando unha realidade que sempre estivo aí, latente, rodeada de mitos e prexuízos, mais formando parte das circunstancias que nos rodean.

Os centros de ensino, como espellos da convivencia cotiá e como lugares privilexiados para construír sociedade, viven esta situación en primeira persoa e a pé de campo. O noso ben máis prezado, a mocidade, está a sufrir de maneira acusada este impacto no seu benestar emocional; na súa saúde mental. Ansiedade, depresión, autolesións ou intentos de suicidio que ás veces chegan a concretarse, son a realidade presente nos nosos colexios e institutos.

As e os profesionais da educación non contamos nin coas condicións nin cos recursos axeitados para poder conter este golpe. Nin o compromiso nin a implicación co noso alumnado son suficientes nesta ocasión para frear o impacto que a COVID 19 está a deixar nas aulas.

Estamos a vivir un momento de crise sanitaria que ten que ser atendido se queremos novas xeracións para construír o futuro. Precisamos da acción directa e urxente das administracións sanitaria, educativa e social, tanto a nivel de intervención como de prevención.

- Reforzar o número de profesionais especialistas nos servizos públicos de saúde (psicoloxía, psiquiatría) e nos servizos sociais (educación social, traballo social, integración social).
- Crear equipos interdisciplinares formados por profesionais especializados no ámbito social e da saúde que desenvolvan estratexias de intervención encamiñadas a promover, protexer e restablecer a saúde mental do noso alumnado con acción directa e coordinada nos centros educativos. Ao igual que noutras Comunidades, deberían incluír profesores técnicos de servizos comunidade, que actúen como dinamizadores de propostas e enlace preciso entre centros, familias, servizos sociais e de saúde.

- Dotar de máis especialistas aos EOE de ámbito provincial, actualmente con exiguos recursos humanos incapaces de dar resposta ás necesidades dos centros educativos.
- Fortalecer os programas de prevención do suicidio e acudir aos centros nos que se produzan intentos ou casos, que precisan dun acompañamento profesional.
- Apoiar e formar os profesionais da educación que día a día están a xestionar como ben poden o benestar emocional e mental do alumnado.

Por responsabilidade, non podemos agardar. É o momento.

Redondela, 16 de febreiro de 2022

Texto aprobado nos Consellos Escolares dos institutos de secundaria do concello de Redondela en representación das catro comunidades educativas: IES Pedro Floriani, IES Illa de San Simón, IES Mendiño, IES de Chapela.

Directora do IES Pedro Floriani

Director do IES Illa de San Simón

Olga Pazos Rodríguez

Alberto Piñeiro Rodríguez

Director do IES Mendiño

Director do IES de Chapela

José Antonio Martínez Domínguez

Miguel Pérez Lorenzo